



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Resolución do 20 de novembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as vacantes provisionais que serán obxecto de provisión no concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da administración educativa e inspectores de Educación.

Pola Orde do 24 de outubro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* n.º 210, do 6 de novembro) convocouse o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación.

De conformidade co que establece a base segunda da citada convocatoria, esta dirección xeral

RESOLVE

Primeiro.- Publicar nos anexos I, II, III, IV, V, VI, VII, e VIII desta resolución as vacantes provisionais para o curso 2017/2018 do corpo de inspectores de educación, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e mestres.

Segundo.- Todas as vacantes provisionais que figuran nos anexos desta resolución poderán ser obxecto do concurso de traslados.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

